Azos Jazz presenta…

Introducing… Álvaro Vieito

O debut dun cuarteto internacional, jazz made in Galicia pero con aroma neoiorquino

Que é…?
Azos Jazz

AZOS é unha aposta polo jazz vencellado a Galiza. Baixo a dirección artística de Abe Rábade, nace para arroupar os novos valores deste xénero no país e para dar conta das colaboracións artísticas entre jazzistas de calquera parte do mundo que teñan Galiza como lugar de encontro.

"Jazz" implica forzosamente unha concepción aberta das influenzas, procedenzas e destinos da música e dos músicos: AZOS quere ser unha fiestra sen límites ao mundo desde unha óptica galega.

Introducing Álvaro Vieito é o álbum debut do guitarrista e compositor galego do que toma o nome. O d'O Porriño lidera un cuarteto internacional co xaponés **Masahiro Yamamoto** ao saxo alto, o estadounidense **Ross Gallagher** ao contrabaixo, e o galego **Max Gómez** na batería. Un traballo con temas orixinais que abrangue todos os xéneros que un poda imaxinar: influenzas do folk, do pop e do rock… todo xunto misturado e sazonado co mellor da tradición do jazz americano e interpretado cunha enerxía inusitada no panorama musical actual.

Quen se achegue á música deste orixinal cuarteto descubrirá reminiscenzas de Pat Metheny, Jaco Pastorious e Bob Moses, como en 3 Amigos, respirará o ambiente do Bronx neoiorquino da man de Fordham ou navegará polos acordes máis escuros de Mark Turner, pero sen deixar de lado o vitalismo do Cyclic Episode de Sam Rivers ou a mestizaxe de Espido. De todas esas fontes bebe Álvaro Vieito para a composición dos temas de Introducing… perfectamente executados por unha banda na que os diálogos musicais flúen do mesmo xeito que a espontaneidade que demostran sobre o escenario.

Catro músicos, catro historias_ A historia desta formación, na que conflúen gustos musicais chegados alén do Atlántico e do Pacífico, enténdese no encontro musical entre Santiago de Compostela e Nova Iork. Álvaro e Max coinciden no "Estudio-Escola", e posteriormente asisten xuntos ao Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra que imparte Abe Rábade e Paco Charlín.

Cando o primeiro cruza o charco para formarse na New School University coñece a 'Masa' e a Ross nas *jams* que se organizan espontáneamente tralas clases de música. É o momento no que Vieito se dá conta das potencialidades de unilos a todos eles..

A formación académica dos componentes de **Introducing…** avala a calidade do produto final: na prestixiosa New School University de Nova Iork aprenderon de institucións da música moderna como Rory Stuart, Reggie Workman, Joe Chambers, Johnathan Kreisberg ou Vic Juris. Por se fose pouco, engádese o garante artístico de Abe Rábade, impulsor do jazz en Galicia dos últimos tempos.

A química_ "Desde a primeira vez que os escoitei tocar quedoume moi claro que facían que todo sonase mellor do que eu tería imaxinado cando o compuxen", afirma Álvaro dos seus compañeiros de formación. E as flores non acaban aí: "Despois de ler a melodía de 'O mesmo sonho' un par de veces, Masa fixo dous coros de *solo* incribles, mentres que Ross posúe unha intuición terrible para saber o tempo e a onda que mellor lle vai a cada tema". Vieito, con experienza musical en todo tipo de formacións jazzísticas (dúo, trío, cuarteto, quinteto…), nomeadamente nos grupos 'Hirajoshi', 'SEM Bigband', 'Xerpo teatro' e 'Lobalú', atopou a terceira pata da formación á volta da Gran Mazá: "Max deixoume impresionado co que gañaban os temas coa súa presenza e tiven claro que el tamén estaría no grupo".

Esta comprensión musical, unida á boa conexión persoal, faise notar en **Introducing Álvaro Vieito**, sendo un disco cunha importante compoñente de improvisación e interacción. E só cando se coñecen ben os códigos e as regras dunha linguaxe se permite a transgresión. Ocorre, daquela, a creación artística, a improvisación e o diálogo permanente que estes catro músicos amosan en Introducing… Un disco que fará vibrar a quen o escoite pola súa altísima riqueza e intensidade rítmica.

A gravación_ En setembro de 2009, Ross e Masa pasan por Galiza para realizar unha pequena xira de concertos e gravar nos **Boom Studios** de Gaia (Portugal) os temas compostos por Álvaro Vieito. O resultado é mesturado en **Control Z Studios**, de Santiago de Compostela, e masterizado en **Impact Lab Studios** de Barcelona. Introducing Álvaro Vieito está editado e distribuido por Azos Jazz e Nuba-Karonte Records, coa colaboración e a produción artística de Abe Rábade.

1- 'Fordham'
2- 'O Mesmo Sonho'
3- '3 Amigos'
4- 'Rollest Coastest'
5- 'Eterna Urdime'
6- 'Seung Yeon'
7- 'Nexium'
8- 'Later'

Para a promoción do proxecto creouse o espazo web **www.azosjazz.com**, onde están xa dispoñibles varios temas do disco en escoita gratuita.Neste espazo tamén é posible mercar on-line do disco.

Álvaro Vieito "introducing" (Azos Jazz, 10), en breve chegará tamén en formato dixital a través dos mellores espazos da rede. É o caso de **Itunes**, **Amazon**, **eMusic**, etc. De igual xeito, poderase escoitar a través dos servizos habituais de streaming como **Spotify**, **LastFM**, **Deezer**…

Máis información e Kit de prensa descargable en www.azosjazz.com

PRENSA | **falcatruada**
rúa zalaeta 20, entrechán lateral – a coruña | (+34) 617 456 931 | (+34) 981 925 953 | comunicacion[arroba]azosjazz.com

DISTRIBUCIÓN | **karonte**
avda. alfonso XIII, 141 – 28016 - madrid | (+34) 913 458 626| karonte[arroba]karonte.com

DISTRIBUCIÓN dixital | **lonxa cultural**
(+34) 881 886 906 | dixital[arroba]lonxacultural.com